

As albeiradas da etimoloxía popular

1. Dobre atranco defronta o etimólogo na correcta do fitónimo patrimonial galego *ourego*, se matina en o facer manar do latín *orīganum*: (i) o diptongo *ou* adoita ser herdeiro do latino *a u*; (ii) a solución *e* pide abreviación do \bar{i} tónico do étimo¹. O primeiro, illado, non daría moita cavilación, pois que para naide que rillou dúas codias en filoloxía galega é novidade na nosa lingua o desenrolo de diptongos *ou* non etimolóxicos²; en verbo do segundo —na derradeira, dos dous xuntos— a mestría do Corominas soubo asmar contaminación, quer no latín, quer no romance, dos abondosos fitónimos compostos con *a u r ī c u l a*³. Porén, para ben estrema-las posibilidades do problema, cecais caiba supor que, a par da forma culta, a lingua latina dispuña dunha variante vulgar da que son ronsel ambas miudallas de obxeccións. Guisemos, pois, de avanzar por este atallo.

2. Coido de min que non é escusadoiro salienta-la natureza do termo latino para 'ourego': trátase dun nome de orixe indoeuropea e, por derriba, de planta⁴; sinais dabondo, decontadiño se verá, para dubidar da súa incorporación sen arranxos ó novo sistema lingüístico. Asentado esto, me non semella desgoberno dos miolos soste: (i) que as devanditas pexas fonéticas non só demostran que *ourego* non ten por devanceira precisamente a palabra na forma fornecida pola tradición literaria latina (*o r ī g a n u m*); (ii) senón que, ás avesas, as tais demandan a existencia no latín doutra forma, de certo da mesma xinea pero unha frangulla mudada na súa fonética polo que a seguido se declara⁵. É caso estudiado, nefeito, que

¹ Parte de *o r ī g a n u m* o Meyer-Lübke (*REW*³, n^o 6099); acorda con esto Álvarez Cáccamo (*Galego cero*, Vigo, Edicións Castrelos, 1979, p. 127), para quen o agardado en galego sería **orego*. Pero tanto a documentación grega (véxase o dicionario etimolóxico da nota 4) coma a métrica latina (reparemos no final de hexámetro [Ser. Samm. 873] *origanus herba*) falan a prol de *i* longo, polo que debemos apeitar coa realidade de saída. E isto porque cómpre non esquecer un principio metodolóxico xeral: o de non plantexar hipóteses que esixan amaños inxustificadas ou que xeneren novas hipóteses.

² A xeito de amosa esquillemos un par de pezas: *ourella* (*orella*) e *ourela* (*orela*). Un feixe de exemplos recólleos Álvarez Cáccamo na obra da nota anterior, p. 167.

³ Cf. *DCELC*, s.v. *orégano*.

⁴ Que entrou no latín polo intermediario grego *ὀρίγανον*, "Unerklärtes Fremdwort; das Origanum stammt aus Nordafrika" (H. Frisk, *Griechisches etymologisches Wörterbuch II*, Heidelberg 1970, s.v.). Diante desta observación, sospeita ún se xa no grego non sufriría tamén o primeiro acometemento da etimoloxía popular.

⁵ Para alicerar teoricamente este aserto remito ás autoridades: "If a given etymon, though fundamentally evident, involves phonological difficulties, the researcher should seek for a more "economic" solution" (O. Szemerényi, "Principles of Etymological Research in the Indo-European Languages", en R. Schmitt (ed.), *Etymologie [Wege der Forschung]*, 373], Darmstadt, Wissenschaftliche Buchgesellschaft, 1977, p. 294).

nos fitónimos latinos traballou a doután a etimoloxía popular⁶, ese incou-tábel pendor da mente humán a lles atopar significados concretos a signi-ficantes entoldados; formulado coa linguaxe técnica apropiada, a os ental-lar nunha cabeza léxica. E despois desta decrúa e sementeira, xa non fai falla ser moi tirado das conxecturas para venta-lo froito no achego de o ri-g a n u m⁷ —xustificado lingüísticamente ou non, ese é outro lerio, cáseque con seguranza analizado o r i - g a n u m— ó lexema latino para ‘ouro’⁸; coi-da da que por forza se segue a necesidade de afuciñar cunha forma a u r i - g a n u m (con troque automático do *i* longo en breve, que tal cantidade le- van na “Kompositionsvokal” os compostos con a u r i -; cf. a u r i f e x). Que o razoamento que estou a tecer merece de seu ben mais creto do que unha vértola da fantasía, brinca ós ollos se paramos mentes na parella o r i - c h a l c u m / a u r i c h a l c u m⁹; que deita mais de certidume que de proba- bilidade demostra a glosa a u r i g a n o¹⁰. Coma resume para lexicógrafos latinos e etimólogos galegos, afirmaríase que detrais dos datos axexa, cando menos, un alótopo latino o r i g a n u m / a u r i g a n u m, calquera que sexa a cronoloxía relativa dos seus membros. (Precatamente polo que poidera treboar: acobillara a glosa algunha sorpresa baixo a tona, pola miña banda non vería inconveniente en recuar un algo e postular *a u r i g a n u m).

3. Como o diptongo *ou(-rego)* admite ser defendido coma fenómeno foné- tico propio do galego, acaso algún filólogo migalleiro anoxe conceder que os efectos da etimoloxía popular enxergada pasaran alén de *o r i g a n u m, esto é, que a glosa denantes lembrada nada proba. Pero non se non pode, tampouco neste eido da pescuda etimolóxica, desatende-lo aceno entorce- doiro da chamada economía de hipótese: de dúas interpretacións posibeis, é mais doadamente atinada a escolla daquela que abranxe mellor tódolos datos supondo menos. Se non babiloneo, na miña proposta os feitos en- gastallan sen renxemento, dondamente tamén dá razón deles a contrapro- ba; e, de por parte, esborrallan de vez as (aparentes) anomalías dos resul- tado galego e mais do portugués¹¹. ¿El non é, esta, obriza economía de hi- pótese?

⁶ Cf. R. Bertolotti, *Saggio sulla etimologia popolare in latino e nelle lingue romanze* (Publicazioni del Sodalizio Glottologico Milanese, 2), Arona, Ed. Paideia, 1958, pp. 35-39. O dito val, sobor de todo, para os termos de fasquía fonética desacostumada ó ouvido e/ou significación escura para o falante, e eso por seren tomados de linguas alleas: as mais veces do grego ou doutras linguas mediterráneas interposto o grego.

⁷ En puridade, manca fundamento para refugar que a palabra achegada non fora a grega propia mellor que a forma latina culta.

⁸ É mester sulñar que non embaza para nada o descubrimento de que a cor do ou- rego non incirre o seu vencellamento co metal de precio: abonda coa escuridade do sig- nificante.

⁹ Cf. Ernout-Meillet, *Dictionnaire étymologique de la langue latine*, Paris 1959⁴, s.v. *aurichalcum*.

¹⁰ Cf. *CGL* III 555, 35 *conicia i. aurigano*. O feito de coñecermos esta variante por un glosario serodio, non conleva conclusión ningunha sobre a súa data de nacemento.

¹¹ Certo que en portugués hai *o(-régão)*, pero explícase axeitadamente como unha redución do diptongo *ou-* da forma primixenia e aínda viva na fala *ourégão*. No que

SUMMARY

The assumption that the Classical Latin herb-name *orīganum* is responsible for Galician *ourego* proves to encounter insuperable phonetic difficulties, namely: (i) the change *o* > *ou* has no parallel (although, if taken alone, this point can be justified as a Galician evolution); and (ii) it is not known how tonic *ī* in the Latin could have become *e* in our language. Such hindrances do not arise if we derive *ourego* from *aurīganum* (cf. CGL iii.555.35 *aurīganō*), the vulgar form of *orīganum* which came about through a fanciful connexion with the word for 'gold' and its compounds (cf. *aurīfex*), another case of popular etymology.

RAMON BALTAR VELOSO
Departamento de Filoloxía Latina
Universidade de Santiago

portén a outras linguas románicas, non sei de ningunha que testemuñe en contra da miña reconstrucción.